

Xabier Pérez Igrexas, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do previsto artigo 54 no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa de aplicación,

Formula á XUNTA DE VOCEIROS/AS para a súa elevación ao vindeiro Pleno Ordinario a seguinte proposta de

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL AOS 90 ANOS DO GOLPE MILITAR FASCISTA DE 1936

A memoria é o soporte da nosa identidade, a que permite sermos o que somos colectivamente. A recuperación da memoria democrática e a dignificación da loita antifascista son tarefas fundamentais para evitarmos a ameaza reaccionaria e deshumanizadora da amnesia.

O golpe militar fascista do 18 de xullo de 1936 tivo en Vigo unha resistencia obreira e popular organizada e valente. Xa o día 20, a lectura do bando de guerra na Porta do Sol deu lugar a unha dura represión, cunha vintena de mortos e medio cento de persoas feridas entre a poboación que apupaba os golpistas. Con todo, a resistencia prolongouse até o 28 de xullo, nos barrios obreiros de O Calvario, Teis e Lavadores, onde se ergueron barricadas. A denominada "batalla de Vigo", considerada a máis relevante de Galiza, saldouse coa vitoria a sangue e lume dos golpistas, que someterían a cidade a unha férrea represión que se prolongaría até o final da ditadura franquista.

Tras a caída da cidade, iniciouse unha brutal persecución. Foron fusilados o alcalde de Vigo, Emilio Martínez Garrido, e o de Lavadores, José Antela Conde, así como sindicalistas e persoas de significado compromiso democrático, republicano e galeguista. Coa chegada de setembro de 1936, o terror fascista despregou toda a súa crueldade. Os corpos de ducias veciños e veciñas comprometidos coa liberdade e a xustiza social, comezaron a aparecer nas cunetas de Puxeiros e Valadares, e ante as tapias dos cemiterios locais, como o de Pereiró onde se produciron máis de 700 fusilamentos. A estratexia sistemática de exterminio estendeuse polas nosas praias e converteu vías fundamentais de comunicación, como a estrada de Baiona ou a propia liña do tranvía, en escenarios públicos do horror co que o réxime pretendía disciplinar e someter o pobo.

Estímase que preto de 2.500 persoas foron executadas en Vigo. As detencións masivas ateigaron a cadea da rúa Príncipe, o frontón de María Berdiales e o castelo do Castro. A illa de San Simón, na ría de Vigo, converteuse nun penal e campo de concentración onde se recluíu a máis de 5.600 presos republicanos. Ademais, a represión exerceu unha brutal violencia sobre as mulleres -como testemuñou o martirio de Rosario Hernández Diéguez "A Calesa"-, depuracións masivas nun clima de terror (con 4.500 informes de "rojos e indeseables") e mesmo o uso de traballo forzoso na construción do aeroporto de Peinador.

Durante a ditadura, a resistencia antifranquista foi fundamentalmente obreira e clandestina. A folga xeral de setembro de 1972 en Vigo (con epicentro na factoría Citroën, con solidariedade de estaleiros e outras fábricas) mobilizou entre 20 mil e 30 mil traballadores e traballadoras durante quince días contra os despedimentos e pola redución da xornada laboral. A maior mobilización obreira e antifranquista de Galiza foi reprimida con centenaes de detencións, despedimentos e torturas.

A represión (detencións, torturas na comisaría e na prisión de Vigo -actual MARCO- e procesamentos) continuou até o final da ditadura en 1975 e mesmo en 1976 contra militantes de organizacións que continuaban ilegalizadas.

Hoxe, cando en Europa e tamén no Estado español medran discursos que relativizan ou xustifican o fascismo, a memoria democrática constitúe unha ferramenta imprescindible para defender os valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da convivencia democrática.

90 anos despois do golpe que se tornaría nun verdadeiro xenocidio no conxunto de Vigo e de Galiza, a Corporación Municipal do Concello de Vigo quere expresar a través desta declaración institucional:

Primeiro.- A rotunda condena ao golpe militar fascista do 18 de xullo de 1936 contra a legalidade democrática e o réxime de terror estendido durante toda a ditadura franquista.

Segundo.- O recoñecemento ao conxunto das vítimas da represión e o apoio ao seu reclamo de verdade, xustiza e reparación. Facendo unha mención expresa aos 226 funcionarios municipais que foron represaliados e tamén aos tres últimos loitadores antifranquistas da nosa cidade que foron asasinados pola ditadura en 1975: Xosé Ramón (Moncho) Reboiras Noia, Humberto Baena Alonso e José Luís Sánchez-Bravo.

Terceiro.- O tributo á resistencia antifranquista na nosa cidade e a todas as persoas e organizacións que participaron da loita pola liberdade.

Cuarto.- O compromiso coa retirada de toda a simbología franquista -incluída a Cruz dos Caídos do Castro, ratificando o acordo unánime do Pleno do 27 de febreiro de 2006- e de calquera tipo de honra ou distinción a persoas ou institucións implicadas no golpe e na posterior represión, así como a adecuada identificación de todos os lugares de memoria existentes na cidade.

Quinto.- Proclamar a celebración a nivel municipal do "Día da Galiza Mártir", cada 17 de agosto, e apoiar a súa plena institucionalización a nivel galego.

Vigo, Galiza, 20 de xullo de 2026.

Asdo.

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Xosé Rodríguez', with a horizontal line underneath the name.

XUNTA DE VOCEIROS/AS DO CONCELLO DE VIGO